

# IES María Casares Oleiros



**CURSO 2023-24**



# **IES María Casares Oleiros**

---

**Descripción,  
indicaciones e  
consellos para a  
proba de avaliación  
de Bacharelato para o  
acceso á  
universidade (ABAU)**

**CURSO 2023-24**

# RESPONSABLES DAS ABAU

## COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA (CIUG)

NOMEA

TRIBUNAL ÚNICO  
DAS ABAU

GRUPOS DE  
TRABALLO

CONSTITUÍDO POR

PRESIDENTE  
VICEPRESIDENTE  
SECRETARIO

COMISIÓNS  
DELEGADAS

Unha por  
cada  
Centro de  
realización  
das probas

COMISIÓNS  
DE  
AVALIACIÓN

# MATRÍCULA ORDINARIA

## PRAZO DE MATRÍCULA NA ABAU:

Nos centros de Educación Secundaria para o alumnado que teña superado o Bacharelato na convocatoria ordinaria de 2024:

- Convocatoria Ordinaria:

DO 16 AO 20 DE MAIO.

- Convocatoria Extraordinaria:

DO 13 AO 17 DE XUÑO.

Esta prematricula farase a través da aplicación NERTA.

<https://www.edu.xunta.es/nerta>

# **Documentación para a matrícula ordinaria e extraordinaria**

- **Fotocopia do DNI ou pasaporte.**
- **Xustificante de ter aboados os prezos públicos de matrícula do alumnado que non realizou o pagamento de forma telemática a través do Nerta, ou o documento que acredite a exención.**
- **Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado.**
- **Fotocopia do Título de Bacharelato ou o resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.**

# Estrutura da proba

A ABAU estrutúrase en dúas partes denominadas, respectivamente:

parte obrigatoria e parte voluntaria

- **Parte Obrigatoria:** formada polas materias xerais do bloque de materias **troncais**:
- **Lingua Galega e Literatura II.**
- **Lingua Castelá e Literatura II**
- **A materia elixida na matrícula entre:**
  - ❑ **Historia de España**
  - ❑ **Historia da Filosofía**
- **Primeira Lingua Estranxeira II**
- **A materia de 2º Bacharelato cursada como específica obrigatoria de modalidade:**
  - ❑ **Debuxo Artístico II.**
  - ❑ **Análise Musical II**
  - ❑ **Artes Escénicas II.**
  - ❑ **Matemáticas II.**
  - ❑ **Matemáticas aplicadas ás CCSS II.**
  - ❑ **Latín II.**
  - ❑ **Ciencias Xerais.**

# Estrutura da proba

## Parte voluntaria:

O alumnado que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun **máximo de catro materias**, que elixirá de entre o resto de materias das que non se examinou na parte obrigatoria, é dicir, poderá elixir 4 de entre as 28 materias seguintes:

**Historia de España, Historia da Filosofía, Debuxo Artístico II, Análise Musical II, Artes Escénicas II, Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás CCSS II, Latín II, Ciencias Xerais, Segunda Lingua Estranxeira II** (Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués) distinta da que se cursou como materia troncal), **Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II, Deseño, Fundamentos Artísticos, Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica, Coro e Técnica Vocal II, Historia da Música e da Danza, Literatura Dramática, Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, Química, Tecnoloxía e Enxeñaría II, Movementos Culturais e Artísticos, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio, Xeografía, Grego II e Historia da Arte.**

A materia troncal de modalidade é unha materia da parte obrigatoria pero tamén pode contar como unha materia máis da parte voluntaria.

# Web da ciuga

## [www.ciug.gal/abau](http://www.ciug.gal/abau)

Non esquezas consultar con frecuencia a **web da CIUG**, onde se está publicando toda a información sobre a **ABAU** deste ano:

1. [CONVOCATORIA ORDINARIA](#)
2. [MATRÍCULA ABAU PARA FP](#)
3. [CALENDARIO](#)
4. [HORARIO](#)
5. [COMISIONS DELEGADAS](#)
6. [LERDs](#)
7. [VÍDEO SOBRE A ABAU](#)
8. [PROTOCOLO ABAU](#)
9. [MODELOS DE EXAMES](#)
10. [EXAMES DE ANOS ANTERIORES](#)
11. [PROCEDIMENTO PARA ALUMNADO NEAE](#)
12. [PREGUNTAS FRECUENTES](#)
13. [ACCESO A NERTA](#)



# DATAS,LUGAR E HORARIO DAS PROBAS

Datas: C. Ordinaria : 4, 5 e 6 de XUÑO  
C. Extraordinaria : 2, 3 e 4 de XULLO

LUGAR: ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Campus de Elviña. A Coruña

## MARTES

4 de xuño

9:00 - 10:00

**PRESENTACIÓN**  
(comunicar erros na matrícula)

10:00 - 11:30

**02 Lingua Galega e Literatura**

11:30-12:00

**DESCANSO**

12:00- 13:30

**Primeira Lingua Estranxeira**

13:30

**FIN DE SESIÓN**

16:00 - 17:30

**23 Física**  
**32 Grego**  
**54 Debuxo Técnico a AAPP e ao Deseño II.**  
**60 Artes Escénicas.**  
**90 Ciencias Xerais**

17:30-18:00

**DESCANSO**

18:00 -19:30

**20 Matemáticas II.**  
**35 Xeografía**  
**50 Fundamentos da Arte II**  
**55 Fundamentos Artísticos**  
**83 Literatura Dramática**

# DATAS, LUGAR E HORARIO DAS PROBAS

Datas: C. Ordinaria 4, 5 e 6 de XUÑO  
C. Extraordinaria 2, 3 e 4 de XULLO

LUGAR: ETS Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Campus de Elviña. A Coruña

<b>MÉRCORES</b>	<b>5 de xuño</b>
<b>9:30- 11:00</b>	<b>01 Lingua Castelá e Literatura II</b>
<b>11:00-11:30</b>	<b>Descanso</b>
<b>11:30- 13:00</b>	<b>03 Historia de España 04 Historia da Filosofía</b>
<b>13:00</b>	<b>Fin de sesión</b>
<b>16:00- 17:30</b>	<b>25 Xeoloxía e Ciencias Ambientais 30 Latín II 40 Matemáticas Aplicds ás CCSSII. 91 Movementos Cultur. e Artísticos</b>
<b>17:30-18:00</b>	<b>Descanso</b>
<b>18:00- 19:30</b>	<b>24 Química 33 Historia da Arte 56 técnicas de Espresión Gráfi- P 80 Análise Musical II</b>
<b>19:30 h</b>	<b>Fin de sesión</b>

## **DATAS, LUGAR E HORARIO E DAS PROBAS**

**DATAS:** C, Ordinaria 7, 8 , 9 de XUÑO  
C. Extraordinaria 12, 13 e 14 de XULLO

**LUGAR:** ETS Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Campus de Elviña. A Coruña

<b>xoves</b>	<b>6 de xuño</b>
<b>9:30- 11:00</b>	<b>21 Bioloxía 26 Tecnoloxía e Enxeñaría II 53 Deseño 82 Historia da Música e da Danza Segunda Lingua Estranxeira</b>
<b>11:00-11:30</b>	<b>Descanso</b>
<b>11:30- 13:00</b>	<b>22 Debuxo Técnico II 31 Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. 70 Debuxo Artístico II 81 Coro e Técnica Vocal II</b>
<b>13:00</b>	<b>Fin de sesión</b>
<b>Tarde</b>	<b>Incidencias non previstas</b>

# ESTRUTURA DA PROBA

## Parte Obrigatoria

- Cada un dos cinco exames da Parte Obrigatoria presentará diferentes preguntas entre as que o estudante deberá elixir e contestar ás que se lle indiquen.
- Para a realización dos exames, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non obstante, os exercicios de Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II, e da Primeira Lingua Estranxeira II da que se trate deberán desenvolverse nas súas respectivas linguas.
- Cada exame terá unha duración máxima de hora e media (90 minutos) non prorrogables, establecéndose un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exame e o comezo do seguinte.

# ESTRUCTURA DA PROBA

## Parte voluntaria

Na parte voluntaria da ABAU, cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias de entre as de modalidade de 2º de bacharelato, que deberán ser **distintas da materia de modalidade** elixida para a parte **Obrigatoria**.

Os exames de cada unha das materias elixidas polo estudante presentarán varias preguntas susceptibles de ser elixidas. En cada exame indicárase o número de preguntas que se deben responder. O alumnado deberá indicar claramente as preguntas ás que vai responder. Se contesta a máis só se corruxirá o número de preguntas respondidas en primeiro lugar.

A efectos de organización da proba, *o estudante indicará na solicitude de matrícula da ABAU a(s) materia(s) (máximo de catro materias) da/s que se examinará na Parte voluntaria.*

As cuestións referidas a tempos e idioma de realización serán igual que na Parte Obrigatoria.

# Para ver formato dos exames

<https://ciug.gal/gal/abau>

**CIUG**

COMISION  
INTERUNIVERSITARIA  
DE GALICIA

Específicas de apoio educativo

## Exames e materias:

- »  **Exames anos anteriores**
- » Materias obxecto de exame nas ABAU
  - » Troncais Xerais:
    - »  **Historia de España**
    - »  **Lingua Castelá e Literatura**
    - »  **Lingua Galega e Literatura**
    - »  **Alemán**
    - »  **Francés**
    - »  **Inglés**
    - »  **Italiano**
    - »  **Portugués**
  - » Troncais de Modalidade
    - »  **Matemáticas II**
    - »  **Latín II**
    - »  **Matemáticas Aplicadas**
    - »  **Fundamentos da Arte**
  - » 2ª lingua Estranxeira
    - »  **Alemán**
    - »  **Francés**
    - »  **Inglés**
    - »  **Italiano**
    - »  **Portugués**
  - » Ciencia e Tecnoloxía
    - »  **Bioloxía**
    - »  **Debuxo Técnico II**
    - »  **Física**
    - »  **Química**
    - »  **Xeoloxía**
  - » Humanidades e Ciencias Sociais
    - »  **Grego**
    - »  **Economía da Empresa**
    - »  **Xeografía**
    - »  **Historia da Arte**
    - »  **Historia da Filosofía**

# ENTRAMOS NA AULA

- Ás 9:00 atoparemos a dous profesores membros do Tribunal. Un deles chamaravos por orde alfabética. O outro comprobará a vosa identidade mediante o DNI (**importante non esquecer o DNI**) e entregaravos unha tira que conterá as **pegatinas cos códigos de barras** (os vosos datos están codificados).
- Será **opcional o uso da MÁSCARA**, dentro e fóra da aula.
- Unha vez dentro da aula, un terceiro profesor membro do Tribunal indicarávos onde tedes que sentar.
- Comprobade que os datos que figuran na parte superior da tira de pegatinas que vos acaban de entregar son correctos.
- Unha vez que esteades todos sentados, o presidente do Tribunal explicará unha serie de instrucións, que son as que veñen a continuación:

## O CADERNO PARA REALIZAR O EXAME

- ❑ O **caderno de exame** está formado por dúas follas A3 interiores grampadas, resultando unha páxina de portada e **7 páxinas A4** en branco e unha cabeceira adhesiva.
- ❑ Podedes utilizar para redactar as respostas todas as páxinas **excepto a portada**.
- ❑ En cada proba só se pode utilizar un **único caderno** de exame, **ao que non se lle poderá arrincar nin engadir follas**. Poderá solicitarse outro caderno pero **só se pode entregar un**.
- ❑ Cada exame presenta varias preguntas. No enunciado de cada exame indicárase o “N” de preguntas que se deben responder. No caso de que o/a alumno/a non queira que se corrixa algunha das preguntas respondidas, débea riscar de forma clara. Se responde a máis preguntas das indicadas, só se corrixirá o número “N” de preguntas respondidas en primeiro lugar no caderno de exame.



## A CABECEIRA

- A cabeceira **debe pegarse no lugar indicado sobre a portada da carpeta**, retirando previamente a tira plástica da zona adhesiva. (Recoméndase facelo ao final, na carpeta que se vai entregar, para maior comodidade).
- O alumno/a debe escribir o **nome da materia** da que se está examinando, así como o **código da materia** que será indicado no seu momento (escíbese no encerado, así como os exames a realizar cada día).
- Tamén debe colocar a **pegatina co código de barras** (contén toda a información do alumno/a) na orientación indicada.

### PERMANENCIA MÍNIMA NA AULA.

Se transcorridos **30 minutos**, un alumno/a desexa abandonar a aula sen realizar o exame, deberá entregar obrigatoriamente o caderno de exame a un membro do tribunal, debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.

# A PEGATINA CO CÓDIGO DE BARRAS

- **Moi importante: Os exames son anónimos.** Só poden identificarse mediante a lectura óptica do código de barras.
- **Que pasa se perdo as pegatinas?** Comunicádesllo ao profesorado representante do Instituto para que este informe ao tribunal. O tribunal traerá outras.
- **Non debeses dobrar as pegatinas**, xa que o lector óptico podería non lelas e asignaría un cero técnico na acta provisional, que, tras o proceso de revisión, sería corrixido.
- **Asegurádevos** de que estades pegando as vosas pegatinas.

# MATERIAL QUE HAI QUE LEVAR

- **DNI:** Procurade non esquecerlo. Se así fose, o profesor representante do Instituto deberá acreditar a vosa identidade, o que complica innecesariamente o proceso de identificación.
- **Resgardo de matrícula e xustificante pagamento.**
- **Bolígrafos:** Azul ou negro. Tinta indeleble. Levade repostos.
- **Calculadora científica non programable e sen capacidade gráfica:** Podedes utilizala nos exames de Física, Química, as 2 Matemáticas e Economía de Empresa.
- **Material para o exame de Debuxo Técnico II e Deseño:** Regra, cartabón, portaminas, etc. Este exame realízase nunha aula con mesas adaptadas.
- **Dicionario:** Latín II, Grego II.
- Non se permite o uso de ningún dispositivo que emita ou reciba radiofrecuencias, reloxos, telefonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- **Coletero para as melenas** para evitar suspicacias con respecto a utilizar mecanismos electrónicos de comunicación.
- **Uso opcional da MÁSCARA,** dentro e fóra da aula.
- Cada alumno/a poderá levar consigo: **panos** de usar e tirar, **bebida** (auga ou refresco en botella transparente sen etiquetado). Pódese levar algo de picar (enerxético) pois a mañá faise longa.

# COPIAS E SANCIONES

No caso de que un membro do tribunal detecte algún alumno/a copiando ou non respectando as instrucións dadas, despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e o exame será **cualificado con 0 puntos.**

Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán e que **poden implicar a anulación total das súas probas da ABAU.**

[Presentación ABAU CIUG](#)

# Proceso de matriculación

**Na aplicación NERTA para documentación nos LERDs.**

<https://youtu.be/n1NKM1CkHIE>

Coa intención de poder ter catro chamamentos antes de rematar o mes de agosto e facilitar a matrícula do alumnado, os chamamentos para a matrícula realizaranse en dous días (desde as 00.01h do primeiro día ata as 23.59h do segundo día), no lugar de dous días e medio que se viña facendo.

Despois de cada chamamento e durante o período de matrícula, o alumnado que non se matricule, deberá confirmar en dous días o interese en seguir nas listaxes da CiUG (de non confirmalo, entenderase que xa non ten interese nas titulacións solicitadas e decaerán os seus dereitos).

